Resolución da concelleira da concelleira de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía pola que se outorga unha subvención á Asociación de venezolanos en Pontevedra (ASOVEDRA) para o proxecto consistente en transportar axuda humanitaria urxente destinada ás persoas afectadas polos terremotos do dia 24 de xuño en Venezuela

Expediente: 2026/SUBDIREC/000028

Unha vez estudado o expediente tramitado para conceder a subvención directa que se sinala no asunto, resultan acreditados os seguintes:

I. Antecedentes:

1. En data do 01/07/2026 a Asociación de venezolanos en Pontevedra (en adiante ASOVEDRA), co NIF G94181351, solicitou a través da Sede Electrónica do Concello que se lle outorgue unha subvención por importe de 3.150,00€ para o proxecto internacional humanitario consistente no transporte de axuda humanitaria destinada ás persoas afectadas polos terremotos que tiveron lugar o 24 de xuño en Venezuela.

2. A concelleira da área de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía emitiu unha memoria xustificativa na que se dispón o inicio do expediente de outorgamento da subvención directa solicitada por ASOVEDRA polo importe solicitado e ata o 100% do custo total da actividade, dispoñendo o despacho prioritario do expediente así como a aplicación a este da tramitación de urxencia, determinando ao Gabinete da Alcaldía como servizo xestor da subvención.

3. O expediente foi informado favorablemente polo servizo xestor.

4. O Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade contabilizou a operación necesaria para o outorgamento da subvención e a Intervención Xeral Municipal fiscalizou de conformidade o expediente.

II. Fundamentos xurídicos

1. Segundo unha reiterada doutrina, o artigo 25.1 da Lei 7/1985 fundamenta a intervención local na cooperación internacional ao desenvolvemento, ao dispoñer que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no eido das súas competencias, pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

A Carta Europea da Autonomía Local, no seu artigo 10.3 recoñece e configura o dereito de asociación das Entidades locais, declarando o parágrafo terceiro que as Entidades locais poden, nas condicións eventualmente previstas pola lei, cooperar coas entidades doutros estados, servindo esta previsión para que a doutrina afirme que os Entes Locais teñen competencia para actuar no eido da cooperación ao desenvolvemento internacional, coas limitacións que deriven das competencias atribuídas a outras Administracións Públicas na materia de relacións internacionais.

A habilitación aos municipios para intervir no eido da cooperación internacional ao desenvolvemento se atopa na Lei 1/2023, de 20 de febreiro, de cooperación para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global, que destaca no seu articulado a incorporación dos entes locais á política de cooperación, destacando o papel relevante que realizan nos seus respectivos territorios. Deste xeito, o artigo 1.3 da Lei indica que o sistema de español de cooperación para o desenvolvemento sostible comprende, ademais do Estado e das Comunidades Autónomas, aos entes locais.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:4X0485NXMM9YJNZX

De acordo con isto, a Lei regula a cooperación descentralizada, que se define no artigo 35.1 como: “La cooperación descentralizada es el conjunto de programas, proyectos y acciones en materia de cooperación para el desarrollo sostenible que se realiza desde las comunidades autónomas, en el marco de sus competencias, y la que desarrollan los entes locales y forales (ayuntamientos, diputaciones provinciales y forales, cabildos y consejos insulares), que esta ley reconoce de manera expresa. La cooperación descentralizada es una de las señas de identidad y fortalezas de la cooperación al desarrollo sostenible española y expresión solidaria de sus respectivas sociedades que supone una importante contribución a un sistema de cooperación más democrático y a la buena gobernanza desde la complementariedad y la corresponsabilidad, y del papel de estas Administraciones en el sistema español de cooperación para el desarrollo, reconocidas a través de esta ley y de la Ley 2/2014, de 25 de marzo, de la Acción y del Servicio Exterior del Estado.”

Finalmente, o artigo 37, rubricado “Os entes locais”, dispón o seguinte: “Esta ley reconoce el importante papel de la cooperación de las entidades locales en el sistema de la cooperación española para el desarrollo sostenible y la solidaridad global a partir de su trayectoria y capacidad de generar alianzas, movilizar a los actores y las capacidades económicas y sociales y el conocimiento experto, así como el de las propias administraciones locales, en las áreas en las que gozan de competencias y capacidades, y promover la participación social y la democracia en el ámbito local. Los actores estatales del sistema español de cooperación para el desarrollo sostenible promoverán la actividad de cooperación de los entes locales y la simplificación de trámites burocráticos para favorecer dicho objetivo. Esta cooperación podrá ejercerse también a través de fondos municipales de cooperación o de otras entidades.”

Por outra banda, a Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, no seu artigo 96.3, considera axentes de cooperación para o desenvolvemento ás entidades locais recoñecidas pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñendo o seu artigo 98.1 o seguinte: “As entidades locais poderán desenvolver actuacións de cooperación para o desenvolvemento, como proxección exterior do exercicio das súas competencias, promovendo a coordinación e complementariedade entre as administracións públicas e achegando un valor engadido, especialmente naqueles ámbitos en que o municipalismo galego conta con experiencia e capacidades diferenciadas, como a protección de dereitos sociais básicos, os servizos sociais, o urbanismo e a ordenación do territorio, a xestión pública dos recursos hídricos, a xestión ambiental, a igualdade de xénero, a educación para a cidadanía global ou calquera outro no marco das súas competencias.”

2. A Ley 1/2023, de 20 de febreiro, de Cooperación para o desenvolvemento sostible, e en termos semellantes a Lei 10/2021, de cooperación de Galicia, definen á acción humanitaria como o conxunto de accións orientadas a protexer e salvar vidas, previr e aliviar o sufrimento humano, atender as necesidades básicas e inmediatas, e protexer os dereitos e a dignidade das persoas afectadas por crises de orixe física-natural ou climático ou provocadas pola acción humana, sexan momentáneas ou prolongadas no tempo, e daquelas que padecen as consecuencias da violencia xeneralizada e os conflitos armados, incluíndo os desprazamentos forzados de poboación.

O artigo 84 da Lei 10/2021, de cooperación de Galicia, establece que a cooperación galega poderá levarse a cabo mediante o outorgamento de subvencións e axudas financieiras destinadas á acción humanitaria e axuda de emerxencia, que consiste nas actuacións de asistencia, socorro, protección, rehabilitación e reconstrución en favor das persoas e comunidades afectadas por desastres naturais, guerras ou conflitos

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:4X0485NXMM9YJNZX

armados. Cómpre sinalar ademais que esta mesma norma ten como principios reitores a defensa dos dereitos, das liberdades e dos lexítimos intereses da cidadanía galega no exterior e das entidades en que se integre e o apoio ás entidades galegas asentadas fóra de Galicia, deducíndose da memoria presentada a necesaria atención á comunidade galega asentada no pais afectado polo desastre natural que motiva o expediente.

Tamén, o artigo 85.2 c) da lei galega de cooperación dispón que a cooperación galega intervirá con carácter prioritario en materia de conflitos ou situacións de emerxencia humanitaria. E, por último, tal como sinala a memoria asinada pola alcaldía, o V Plan director da Cooperación 2023-2026, aprobado polo Parlamento de Galicia o 15 de xuño de 2023, identifica a acción humanitaria e de emerxencia como un dos ámbitos estratéxicos da cooperación, prevendo o apoio ás actuacións humanitarias e de emerxencia levadas a cabo por ONGD e organismos internacionais que traballen nos países que resulten afectados.

3. A solicitude de subvención da asociación beneficiaria axústase ao disposto no artigo 12 da Ordenanza de subvencións do Concello. Ademais, a beneficiaria achegou xunto coa súa solicitude unha memoria descritiva do proxecto subvencionado (documento co CSV 8X6MKEPRRXC139YN), onde se detalla a intervención subvencionada e a situación de emerxencia humanitaria que se pretende paliar coa axuda concedida.

4. O Anexo I do Plan Estratéxico Subvencións do Concello Pontevedra para o 2026 (documento co CSV EWTQ2NIFHQ0DWHFT), aprobado por decreto da alcaldía de data 05.02.2026, recolle no número 2026/PRE/0001 a liña de subvención solicitada.

5. O artigo 8 do Real Decreto 188/2025, de 11 de marzo, dispón que se outorgarán subvencións de forma directa nos supostos recollidos na Lei 38/2003 xeral de subvencións (LXS), con arranxo ao disposto no título II do dito real decreto, constituíndo a resolución de concesión as bases reguladoras da subvención ou axuda. O artigo 33 da mesma norma establece que as subvencións destinadas a apoiar intervencións de acción humanitaria poderán concederse de forma directa, estando exceptuadas dos principios de publicidade e concorrencia.

O artigo 22.2 da LXS, desenvolvido polo artigo 67 do Real Decreto 887/2006, permite, con carácter excepcional, a concesión de subvencións de forma directa cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, contendo a memoria asinada pola concelleira delegada a debida xustificación das razóns de carácter humanitario que inspiran o outorgamento das subvención, comprendidas na definición de acción de emerxencia humanitaria aprobada pola normativa de cooperación internacional. A providencia da concelleira xustifica tamén o carácter singular da achega que se realiza, e os criterios para a selección da entidade beneficiaria, polo que se cumprirían os requisitos para o outorgamento directo da subvención proposta.

6. Polo servizo xestor da subvención redactouse unha proposta de acordo de concesión da subvención, que recolle os termos previstos no artigo 36.1 do Real Decreto 188/2025, de 11 de marzo, así como do artigo 9 da OXS.

7. De conformidade cos artigos 213 e seguintes do TRLFL e 58.4 a) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal, a Intervención Xeral Municipal informou de conformidade o expediente.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:4X0485NXMM9YJNZX

8. A competencia para a concesión da subvención de forma directa referente á axuda polo importe de 3.150,00€ corresponde á Alcaldía, en función do establecido no artigo 36.3 da OXS, que indica que serán de competencia do Alcalde ou Presidente dos organismos autónomos as que con carácter excepcional se outorguen con cargo o 30% dos créditos de cada partida e non superen a contía de 12.020,24 €. Esta competencia atópase delegada na concelleira de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía por decreto do alcalde de 07.04.2026, que establece que a concesión de subvencións directas corresponderá aos/as concelleiros/as de goberno delegados de área, segundo o seu ámbito funcional, sempre e cando sexa competencia da Alcaldía, nos termos establecidos na OXS do Concello de Pontevedra.

Segundo dispón o artigo 17 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a delegación da facultade para conceder subvencións comportará, segundo se dispoña na norma habilitante, a aprobación do gasto, salvo que se exclúa de forma expresa.

Esta concellaría, atendendo ao establecido nos informes da xefatura do servizo xestor e da Intervención Xeral Municipal, e que lle serven de fundamento, no exercicio das súas atribucións delegadas, **resolve**:

Primeiro.- Aprobar a concesión dunha subvención directa á Asociación de venezolanos en Pontevedra, co NIF G94181351, por importe de 3.150,00€ para a execución do proxecto internacional de acción humanitaria consistente consistente en transportar axuda humanitaria urxente destinada ás persoas afectadas polos terremotos do dia 24 de xuño en Venezuela, nos termos do acordo que se xunta como anexo desta resolución.

O procedemento de concesión da subvención é o excepcional previsto no artigo 22.2 c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, motivado nas especiais razóns de interese humanitario xustificadas no expediente.

En atención ao especial interese social e humanitario da finalidade perseguida, a subvención poderá alcanzar o 100% da actividade subvencionada.

Segundo.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria, operación contable do exercicio vixente e importe que se sinala a continuación:

Aplicación	Operación Contable	Importe
01/2310/48900	12026000041940	3.150,00€

Terceiro.- Aprobar o anexo coas especificacións técnicas e económicas reguladoras da subvención, documento co CSV 01YQLBGTTLTE2SWB.

Así se dispón pola concelleira de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía, en Pontevedra na data que figura na sinatura electrónica, do que o secretario da Administración Municipal dá fe.

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO
Servizo: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO
Data: 10/07/2026
RESOLUCIÓN: 2026006221

Asinado por: ANABEL GULIAS TORREIRO
Servizo: ALCALDÍA
Cargo: CONCELLEIRA
Data: 10/07/2026

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:4X0485NXMM9YJNZX